

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Igualdade

*Aprobación definitiva do Regulamento de uso e funcionamento da Casa da Xuventude*

##### **Aprobación definitiva do Regulamento do uso e funcionamento da Casa da Xuventude do Concello de Ferrol**

Aprobado inicialmente o Regulamento de uso e funcionamento da Casa da Xuventude do Concello de Ferrol por Acordo do Concello Pleno, en sesión celebrada o día 28 de setembro de 2017 e sometidas a información pública durante un prazo de trinta días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, sen que se tivera presentada ningunha reclamación ou suxerencia, segundo o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local enténdese definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional.

Publícase a continuación o texto íntegro de ditas Bases.

#### **REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DA CASA DA XUVENTUDE DO CONCELLO DE FERROL**

##### **FUNDAMENTACIÓN**

O artigo 48 da Constitución establece que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

O Concello de Ferrol entende a importancia do sector xuvenil, feito que deu lugar á Casa da Xuventude, situada na rúa Almendra, que o Concello pon a disposición de todos os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, así como a entidades de índole xuvenil, co obxecto de facilitarlles o uso dos distintos equipamentos e instalacións da mesma, ben para participar nas actividades que se organicen dende o Concello, ben para realizar actividades libres.

De ahí a necesidade de aprobar o presente Regulamento, ao amparo do exercicio da postestade regulamentaria e de auto-organización que a lexislación vixente lle outorga ao Concello de Ferrol para regular o servizo público “Casa da Xuventude”.

##### **ARTIGO 1.- OBXECTIVOS**

A Casa da Xuventude de Ferrol é un equipamento público de titularidade municipal cuxa finalidade é fomentar o encontro, a información, a comunicación, a dinamización do ocio e o tempo libre, favorecer a formación integral da xuventude e promover o asociacionismo.

O funcionamento da Casa da xuventude rexerase polos principios de igualdade, participación e solidariedade con espírito proactivo par o completo desenvolvemento dos dereitos humanos, a igualdade de xénero, o respecto ao medio ambiente e a cultura inclusiva.

##### **1.1.- Obxectivos xerais:**

- Dotar ao Concello de Ferrol dun equipamento estable con estrutura flexible e multifuncional, convenientemente equipado para ofrecer servizos, recursos e actividades á xuventude.
- Dar resposta a unha demanda constatada por parte da poboación máis nova da localidade.

##### **1.2.- Obxectivos específicos:**

- Proporcionar espazos para o encontro, a interrelación e a dinamización sociocultural da poboación xuvenil.
- Ofrecer información, asesoramento e formación nas materias que a xuventude requira e/ou sexa preceptiva ao abeiro da normativa vixente.
- Ofertar un amplo abanico de recursos e actividades de ocio e tempo libre, propiciando dende unha perspectiva de prevención hábitos cívicos e saudables.
- Favorecer a participación xuvenil a través do apoio e fomento do tecido asociativo.

## ARTIGO 2.- CARACTERÍSTICAS DEFINITORIAS DA CASA DA XUVENTUDE

A Casa da Xuventude ten un carácter público, garantindo con isto:

1) A preservación do carácter público, dirixindo a súa actividade á totalidade do colectivo xuvenil de todo o Concello, incidindo na prevención de situacións de desvantaxa por razóns físicas e sociais.

2) Na xestión da Casa da Xuventude, participa directamente os mozos e mozas, asegurando a súa participación na xestión así como na programación e actividades da mesma.

## ARTIGO 3.- HORARIO DE FUNCIONAMENTO

Os horarios de apertura e peche, estarán expostos en lugar visible para a información pública. Todos os horarios, modificacións e/ou variacións motivadas por circunstancias especiais anunciaranse con carácter previo e coa debida antelación nos diferentes medios de información municipal.

En todo caso o horario deberá cumprir a normativa básica aplicable ás Oficinas de Atención Xuvenil así como aos servizos que se preten na mesma e estean suxeitos a regulación de horarios ou calendarios específicos.

Fomentarase a apertura ampla de horarios co fin de cumprir os obxectivos contemplados neste regulamento.

## ARTIGO 4.- USUARIOS/AS

O acceso á Casa da Xuventude será libre para os mozos e mozas en idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos.

Tamén serán usuarios/as da Casa da Xuventude menores con idades inferiores as mencionadas, cando sexa para participar en programas educativos específicos e organizados dende calquera Concellería do Concello.

Manterase actualizado un Rexistro de usuarios/as a través de fichas de inscrición. Así mesmo manterase actualizado un rexistro de entidades xuvenís.

Para a tramitación do carnet de usuario/a deberase presentar a solicitude debidamente cumprimentada, unha fotocopia do DNI ou Libro de Familia, así como unha autorización da persoa que exerza a patria potestade, e/ou a garda e custodia no caso de menores de idade non emancipados, no caso dos menores de idade.

## ARTIGO 5.- EQUIPAMENTO DA CASA DA XUVENTUDE

A Casa da Xuventude contará co seguinte equipamento básico:

### A) Oficina de administración xeral de información xuvenil.

Neste espazo estará o persoal técnico e administrativo contratado polo Concello con funcións de deseño e control presupostario, planificación dos programas de xuventude e xestións administrativas en xeral.

### B) Punto de información xuvenil

Recopila toda a información relativa a temas relacionados coa xuventude. A esta información pódese acceder de forma presencial, a través de paneis, revistas e folletos ou mediante atención telefónica, por correo electrónico, carta, redes sociais ou por calquer vía telemática e tecnolóxica que garanta o funcionamento das actividades reguladas en cada caso.

A información seleccionada que se ofrecerá será sobre actividades deportivas, culturais e de intercambios organizados polo Concello; convocatorias e actividades doutros organismos públicos de xuventude; becas, axudas e subvencións; cursos, premios e concursos; vivenda; organizacións sociais e voluntariado; educación para a saúde; etc.

### C) Aula de ensaios/polivalente

Nesta aula poderanse levar a cabo todo tipo de cursos e obradoiros (danza, fotografía dixital, formación, etc), ao tempo que poderán executarse proxeccións de cine, conferencias, xornadas, concertos de música e todas as actividades que polas súas características podan desenvolverse.

Esta aula tamén está destinada a ser punto de encontro de aquelas asociacións ou grupos xuvenís que non teñan unha sede onde reunirse.

Esta aula, contará cun equipo de grabación e produción musical.

### D) Aula de ocio

Esta aula está deseñada para o ocio dos/as usuarios/as. Nela hai material lúdico destinado ao recreo permanente dos mozos e mozas usuarios do centro: xogos de mesa, fútbolín, videoconsolas, etc.

### E) Aula de informática

Normas de uso do servizo de ordenadores:

1.- O servizo conta con varios ordenadores cun paquete básico de programas e/ou conexión a internet.

2.- Protección de datos de usuarios/as: Os datos de usuarios/as serán introducidos nun ficheiro propiedade do Departamento de Xuventude, de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Estes datos poderán utilizarse para enviar información de interese do Concello de Ferrol. O/A usuario/a ten dereito a acceder aos datos, rectificalos, cancelalos e opoñerse a dalos. En concreto, pediranse os seguintes datos: nome e apelidos, dirección postal, dirección electrónica, DNI ou NIE, teléfono e páxina web ou blog persoal.

3.- Dereito á privacidade:

a) Para garantir a privacidade do uso, cada usuario/a só poderá acceder a súa información con usuario e contrasinal.

b) Non obstante, as diferentes sesións dos/as usuarios/as quedan rexistradas nun programa informático que administra as sesións, coa data e hora na que cada persoa estivo conectada.

As normas de utilización serán as que se describen no ANEXO I.

#### **F) Aula “Laboratorio xuvenil”**

Esta aula é un punto de encontro para os mozos e mozas innovadores e creadores, punto de saída de talentos emerxentes.

É un espazo flexible, dinámico, dotado das últimas tecnoloxías para facilitar o desenvolvemento de eventos de innovación tecnolóxica, cursos de formación, actividades de networking e exposicións de produtos.

É un lugar de celebración de debates sobre ciencia, tecnoloxía e innovación.

Os obxectivos que se persiguen:

- Impulsar e participar no proceso de xeneración de novas ideas, novos proxectos ou novos modelos de negocios en rede.
- Fomentar a cultura da innovación, a creatividade dos rapaces e rapazas a través da tecnoloxía, a robótica, a arte, as ciencias e a oratoria.
- Participar no desenvolvemento de ferramentas, procedimentos e metodoloxías para a xestión da innovación, a información e o coñecemento.
- Fomentar as star-ups e coworking.
- Promover o aumento da empregabilidade.

#### **G) Aula coworking**

Esta aula é para uso das entidades xuvenís que soliciten participar na autoxestión da Casa da Xuventude. É un espazo de reunión de entidades xuvenís, de elaboración de proxectos de actividades e de propostas en común para mellorar o funcionamento da Casa.

#### **H) Almacén**

Destinado para o depósito e resguardo de utensilios e materiais de limpeza, equipos e materiais en xeral segundo áreas de traballo.

#### **I) Aseos**

Xénero feminino e masculino accesibles ás persoas con diversidade funcional.

### **ARTIGO 6.- ACTIVIDADES**

As actividades desenvolvidas na Casa da Xuventude encadran dentro dos seguintes programas de promoción xuvenil:

- Información e formación xuvenil.
- Actividades de ocio e tempo libre.
- Prevención de drogodependencias.
- Actuación en prol da igualdade de oportunidades, emprego, vivenda, medio ambiente, consumo e deportes en materia xuvenil.
- Participación xuvenil.
- Colaboración con outras administracións públicas.
- Actuacións de fomento do asociacionismo.
- Información reproductiva-sexual nas actuacións.

## ARTIGO 7.- NORMAS XERAIS PARA O USO DAS DEPENDENCIAS

1.- En horario escolar só poderán permanecer na Casa da Xuventude os mozos e mozas que teñan finalizados os estudos obrigatorios, segundo a normativa vixente e sexan maiores de 16 anos.

2.- Para utilizar o material da sala de ocio (mesas, xogos, aula de informática, consolas, etc.) será necesario solicitalo ao persoal da Casa, presentado o carné de usuario/a na oficina de información xuvenil.

3.- Os materiais e xogos que se presten deberán usarse correctamente e de acordo as súas características. Se se produxera algún deterioro, extravío ou substracción, que sexa imputable ao solicitante, éste deberá repoñelo ou pagalo.

4.- A quenda de xogo na sala de ocio non será superior a 60 minutos. Só se poderá continuar se ao termo da quenda non houberse ningún outro usuario/a esperando para utilizalo. Unha vez finalizado a quenda de xogo, o/a usuario/a deberá deixar o material perfectamente gardado.

5.- A quenda na aula de informática e de música non será superior a 60 minutos. Só se poderá continuar se ao termo da quenda non houberse ningún outro usuario/a esperando para utilízalas.

## ARTIGO 8.- PARTICIPACIÓN SOCIAL NA XESTIÓN

A Casa da Xuventude actuará de forma coordinada coas entidades, proxectos sociais e centros educativos do seu entorno. Particularmente, colaborará con outros centros públicos de servizos para a infancia e a xuventude: centros de tempo libre, centros sociolaborais e centros educativos.

A Casa da Xuventude coidará de forma moi especial a colaboración coas asociacións xuvenís da localidade e propiciará o seu desenvolvemento asegurando que a súa programación teña presente os seguintes criterios:

- Coordinar as diferentes programacións das entidades coa Concellería, evitando duplicidade no desenvolvemento de actividades.
- Implicar ás asociacións na realización de cursos e actividades dentro das súas programacións.
- Desenvolver proxectos e actuacións conxuntas.
- Cooperación entre entidades.

Na medida en que o desenvolvemento das súas propias actividades o permita, a Casa da Xuventude facilitará o uso das súas instalacións e equipamentos para a realización de actividades organizadas por asociacións xuvenís.

A Casa da Xuventude ofrecerá a estes colectivos:

- Dirección postal e buzón na casa.
- Recepción de telecomunicacións.
- Uso das diferentes aulas, previa autorización da Concellería de Mocidade, sempre e cando non se realicen actividades lucrativas.
- Formar parte do "Laboratorio xuvenil".

### 8.1.- Cesión puntual de espazos

Condições de cesión puntual de salas a asociacións e colectivos:

1. O Concello de Ferrol cede a aula polivalente e aulas da Casa da Xuventude a asociacións e colectivos con carácter gratuito para actividades que non ocupan a totalidade do ano e que teñan carácter imprevisible tales como campañas de información e outras.

2. O Concello de Ferrol prestará especial atención aos contidos das actividades que as entidades peticionarias desenvolvan na sala cedida.

3. A solicitude da sala deberá realizarse por escrito, indicando na mesma o tipo de actividades que se vai a realizar, o día e a hora así como o aforo de público previsto, debendo ser presentada polo Rexistro Xeral do Concello e dirixida á Concellería de Mocidade.

4. A entidade peticionaria deberá respectar as normas de uso da Casa, especialmente os horarios, quedando expresamente prohibido: fumar, consumir alimentos e bebidas ou exceder a capacidade autorizada de asistentes. Asimesmo, a actividade a desenvolver pola entidade peticionaria non pode ter ningún carácter lucrativo.

### 8.2. Cesión anual de espazos: procedemento

1. O Concello de Ferrol establecerá cada ano un prazo de trinta días naturais para presentar as solicitudes á Concellería de Mocidade. Esta convocatoria farase pública no taboleiro de anuncios do Concello.

2. O feito de presentar a solicitude supón a total aceptación desta normativa en todos os seus termos. A solicitude deberá presentarse acompañada da seguinte documentación:

- Proxecto de actuacións e actividades
- Fotocopia dos Estatutos da entidade
- CIF da entidade
- Identificación da persoa que representa á entidade
- Número de rexistro de entidades do Concello de Ferrol
- Seguro de responsabilidade civil

3. Unha vez rematado o prazo de solicitudes, e tras o estudo polo persoal da Concellería de cada unha delas, resolveuse o proceso no prazo máximo dun mes, e farase pública a listaxe das entidades xuvenís admitidas, formulándose a continuación unha proposta de reparto de espazos e horarios de xeito que non se dificulte o desenvolvemento das actividades programadas pola Concellería de Mocidade nin o normal funcionamento da Casa.

4. As solicitudes avaliaranse segundo os seguintes criterios:

a) Proxecto: máximo 20 puntos

- Innovación do proxecto: 9
- Adecuación do proxecto ás necesidades dos mozos e mozas da cidade: 5
- Grao de viabilidade do proxecto: 3
- Proxecto con obxectivos prioritamente socio-educativos: 3

b) Actividade ordinaria estable durante o ano: considérase actividade estable aquelas que ademais de organizar acontecementos puntuais, teñan unha programación ordinaria de actividades cunha periodicidade semanal, bise-manal ou mensual: Se é afirmativo: 10 puntos

c) Número de horas semanais de coordinación coa Concellería de Mocidade en relación á autoxestión da Casa:

- |                       |          |
|-----------------------|----------|
| 1 hora.....           | 2 puntos |
| 2 horas.....          | 3 puntos |
| 3 horas.....          | 4 puntos |
| 4 ou máis horas ..... | 6 puntos |

En caso de empate, empregárase o criterio de orde de entrada da solicitude polo Rexistro Xeral do Concello.

5. As entidades que non obtiveran espazo, incluíranse nunha listaxe de espera elaborada segundo a puntuación obtida.

6. O período de autorización de uso establécese por un ano como máximo, e poderá ser renovable tras a previa solicitude.

7. Poderase revogar a cesión do espazo, previa resolución, polos seguintes motivos:

- Causar danos e perdas na Casa da Xuventude.
- Introducir bebidas alcohólicas ou calquera tipo de substancia ilegal na Casa.
- Realizar actividades con ánimo de lucro.
- Mostra de conductas machistas, xenófobas ou discriminatorias.

8. Todos os documentos que se deriven desta relación entre Concellería de Mocidade e as entidades, publicidade, difusión, publicacións, actividades, etc., redactaranse en lingua galega. Tamén será obrigatorio utilizar unha linguaxe non sexista e non discriminatoria.

#### **ARTIGO 9.- CONSELLO CONSULTIVO**

Será un instrumento que funcionará como órgano consultivo e de participación social en coordinación coa Concellería de Mocidade.

9.1.- Estará formado por:

- O/a alcalde/alcaldesa e/ou o/a concelleiro/a de Mocidade
- O/A técnico/a de Mocidade
- A/O xefe/a de Negociado/Sección/Servizo, que realizará as funcións de secretario/a

- Dous representante por cada unha das asociacións xuvenís que teñan a súa sede na Casa.
- Dous representante por cada un dos grupos xuvenís que teñan a súa sede na Casa.
- Mozos e mozas a título individual que manifesten interese en materia xuvenil. O número máximo será de 30 persoas. Se a demanda fose superior a este número, a participación será rotatoria.

#### 9.2.- Convocatorias

- O Consello consultivo reunirse, como mínimo, dúas veces ao ano, a convotaria do/a secretario/a.
- O Concello de Ferrol, a través da Concellería de Mocidade, poderá asemesmo convocar ao Consello para consultarlle o informarlle de asuntos do seu interese.
- Nas reunións do Consello participará, con voz pero sen voto, a xefe/a de Negociado/Sección/Servizo, que o fará en calidade de secretario/a do Consello.

#### 9.3.- Competencias

- Coñecer e emitir a súa opinión sobre as propostas de actividades anuais da Casa da Xuventude antes da súa aprobación por parte da Concellería de Mocidade.
- Formular propositar á Concellería de Mocidade e ao Concello en relación ao seu funcionamento.
- Pronunciarse sobre calquera feito relevante que afecte ao normal funcionamento da Casa da Xuventude.
- Estudar vías de colaboración entre a Casa da Xuventude e as entidades sociais do barrio.

### ARTIGO 10.- DEREITOS E DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS

#### 10.1.- Dereitos:

1. A recibir información acerca das actividades da Casa da Xuventude. En todo caso existirá un exemplar do plan de actividades a disposición dos/as usuarios/as.
2. A recibir un trato digno e respectuoso por parte dos responsables das actividades, dos/as animadores/as, cargos electos e do resto de participantes da Casa da Xuventude.
3. Á atención das súas demandas e queixas.
4. A participar na elaboración do plan de actividades a título individual ou a través dos colectivos e asociacións xuvenís, incluso coa elaboración de propostas de funcionamento.
5. A participar nas actividades da Casa da Xuventude, dentro da capacidade da mesma, e a utilizar as instalacións e o material existente en condicións de igualdade.

#### 10.2.- Deberes:

- 1.- Facer un uso correcto das instalacións e do material existente na casa da Xuventude.
- 2.- Atender as indicación e ordes dadas polos responsables do servizo en canto á utilización das instalacións, material e ao desenvolvemento das actividades programadas.
- 3.- Ao pago dos prezos públicos que fosen establecidos no seu caso, para a realización das actividades específicas.
- 4.- A manter en todo momento un trato respectuoso e digno cara aos reponsables do servizo e do resto de usuarios/as da Casa da Xuventude.

### ARTIGO 11.- INFRACCIÓN

Considerarase infracción o incumprimento total ou parcial das obrigas contidas no presente regulamento.

#### A) Son infraccións leves:

1. Non mostrar a debida dilixencia na utilización das instalacións e o material.
2. O acceso ás actividades específicas sen ter aboado o prezo público establecido.
3. Non atender as indicacións e ordes dadas polos responsables do servizo.

#### B) Son infraccións graves:

1. Causar de forma intencionada danos nas instalacións e o material da Casa da Xuventude.
2. Provocar altercados co resto dos/as usuarios/as.
3. A solicitude dun espazo reservado, cedido de forma gratuita, e a non utilización posterior do mesmo por causas imputables ao solicitante.
4. A comisión de tres ou máis faltas leves no prazo de seis meses.

C) Son infraccións moi graves:

1. O deterioro grave e relevante das instalacións ou o material da Casa da Xuventude.
2. A indebida utilización das aulas e obradoiros, contravindo as normas de uso.
3. O impedimento do uso das instalacións polos demais usuarios/as.
4. A comisión de dúas ou máis faltas graves no prazo de seis meses.

#### **ARTIGO 12.- RESPONSABLES**

Os responsables civís subsidiarios das infraccións no caso dos menores de idade, serán os pais/nais/titor/a dos/as menores usuarios/as.

#### **ARTIGO 13.- SANCIÓN**

As infraccións leves serán sancionadas coa perda do dereito ao uso das instalacións por un prazo non superior a quince días.

As infraccións graves serán sancionadas coa perda do dereito ao uso das instalacións por un prazo de quince a sesenta días.

As infraccións moi graves serán sancionadas coa perda do dereito ao uso das instalacións por un prazo de sesenta días a un ano.

As sancións por faltas graves e moi graves levan aparelladas sempre a obriga de indemnizar os danos causados.

#### **ARTIGO 14.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

A Concellería de Mocidade do Concello de Ferrol, respectarán en todo momento a confidencialidade dos datos persoais que solicite mediante formularios, de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal.

Os seus datos nunca serán cedidos, vendidos ou traspasados a terceiros e serán tratados co grao de protección adecuado, tomándose as medidas de seguridade legal necesarias.

A Concellería de Mocidade, poderá utilizar os datos subministrados polos/as usuarios/as para o mantemento da relación establecida, así como para o envío por medios tradicionais ou electrónicos de información actualizada sobre os servizos prestados. En todo caso, a cumprimentación parcial ou total dos datos que se soliciten son voluntarios.

Os seus datos de carácter persoal quedarán incorporados a un ficheiro informatizado, sendo o responsable do ficheiro e do seu tratamento a Concellería de Mocidade. Queda igualmente informado da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais.

#### **ARTIGO 15.- PARTICIPACIÓN EN REDES NACIONAIS E INTERNACIONAIS**

A Casa da Xuventude promoverá a participación en redes de colaboración nacionais e internacionais en actividades e campañas que se incardinan dentro dos seus fins, promovendo o intercambio de formación, información e experiencias.

#### **ARTIGO 16.- COÑECEMENTO DESTE REGULAMENTO**

O contido deste regulamento facilitarase a usuarios/as no momento da alta, difundirase con copias e extractos colocados en lugares visibles e en cada ordenador, e publicarase na páxina web do Concello de Ferrol ([www.ferrol.es](http://www.ferrol.es)).

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Para facilitar, na medida do posible, a relación entre os mozos e mozas da localidade e a administración local, crearase o Consello Municipal de Xuventude, que unha vez constituído asumirá as funcións do Consello Consultivo recollidas no presente Regulamento.

Ferrol, 18 de decembro de 2017

A concelleira delegada da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller

Saíza Ruíz Ferreño



**ANEXO I****RÉXIME DE UTILIZACIÓN DO AULA DE INFORMÁTICA**

A aula de informática é un espazo libre e gratuíto no que se ofrecen postos de ordenadores con conexión a internet, para que os mozos e mozas poidan desfrutar de todos os servizos de información e comunicación.

a) Para utilizar o servizo deberase estar en posesión do carné de usuario/a gratuíto. No caso de menores de idade será precisa a autorización da persoa que ostente a patria potestade e/ou a garda e custodia no caso de menores de idade non emancipados.

b) O acceso aos equipos adxudicarase por rigurosa orde de chegada. Cada usuario/a terá dereito á utilización dun posto de ordenador durante 60 minutos ininterrompidos, transcorrido ese tempo, o/a usuario/a deberá abandonar o posto sempre e cando houbese outro/a usuario/a esperando para o seu uso.

c) Para garantir a privacidade do uso, cada usuario/a só poderá acceder a súa información con usuario e contrasinal.

d) Estará prohibido comer ou beber mentres se utilice o servizo de ordenadores.

e) Queda prohibido alterar a configuración dos ordenadores e a instalación de novos programas.

f) Os/as usuarios/as que desexen acceder a sistemas multimedia con reprodución de son, deberán utilizar os seus propios auriculares. Soamente se permitirá conectarse aos equipos auriculares simples, que non sexan audíbles para o resto de usuarios/as.

2017/10743